

**14191** *ORDE APA/2556/2006, do 3 de agosto, pola que se modifica a Orde APA/2442/2006, do 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria.* («BOE» 185, do 4-8-2006.)

A Orde APA/2442/2006, do 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria, regula as medidas de prevención, seguimento e control desta enfermidade animal.

A análise do risco realizada polas autoridades competentes do Goberno Vasco despois da detección da influenza aviaria nunha ave silvestre concluíu que determinadas zonas húmidas poderían estar máis expostas, polas súas condicións, ao contaxio deste virus.

Por esta razón, esta orde inclúe novas zonas húmidas e municipios na relación de zonas de especial risco delimitadas na Orde APA/2442/2006, do 27 de xullo, ao tempo que modifica a súa disposición transitoria para adecuar o seu contido á ampliación do ámbito de aplicación da orde.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e na disposición derradeira primeira do Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde APA/2442/2006, do 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria.*

A Orde APA/2442/2006, do 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria, queda modificada como segue:

Un. A disposición transitoria única queda redactada do seguinte modo:

«Disposición transitoria única. *Zonas transitorias de especial vixilancia.*

Finalizada a duración das medidas a aplicar nas zonas de protección e vixilancia ante a declaración dun foco, nas zonas e municipios incluídos en ambas as zonas que non estivesen recollidos nos anexos I y II desta orde, aplicaranse, durante polo menos os tres meses seguintes á dita finalización, as medidas previstas nesta orde para as zonas e municipios incluídos no anexo III.»

Dous. Engádese un punto ao anexo I co seguinte contido:

«Comunidade Autónoma do País Vasco:

1. Balsas de Salburúa. Provincia de Álava.
2. Encoro de Zadorra. Provincia de Álava.
3. Encoro de Santa Engracia. Provincia de Álava.»

Tres. Engádese un punto ao anexo II co seguinte contido:

«Comunidade Autónoma do País Vasco:

Provincia de Álava: municipios de Arrazua-Ubarrundia, Barrundia, Elburgo, Legutiano, Vitoria-Gasteiz e Zigoitia.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Vigo, 3 de agosto de 2006.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**14312** *REAL DECRETO 846/2006, do 7 de xullo, polo que se derrogan diferentes disposicións en materia de normalización e homologación de produtos industriais.* («BOE» 186, do 5-8-2006.)

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, no ámbito das súas competencias, veu elaborando disposicións de seguranza industrial tendentes a previr os usuarios contra os riscos derivados da utilización de aparellos e produtos industriais e disposicións para a defensa dos intereses do usuario ou consumidor, mediante o establecemento de especificacións técnicas adecuadas.

Conforme estes criterios promulgouse o Real decreto 2584/1981, do 18 de setembro, polo que se aprobou o Regulamento de actuacións do Ministerio de Industria e Enerxía no campo da normalización e homologación e posteriormente, tras a situación derivada da integración de España na Comunidade Económica Europea, púxose de manifesto a conveniencia de complementar, modificar e actualizar este regulamento mediante o Real decreto 105/1988, do 12 de febreiro, en cuxo anexo II se recolle unha listaxe de disposicións entre as cales se inclúen o Real decreto 2705/1985, do 27 de decembro, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas de determinados produtos metálicos básicos e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía; o Real decreto 2708/1985, do 27 de decembro, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas das soldaduras brandas de estaño/prata e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía; que se pretenden derogar mediante esta disposición, unha vez regularizada a situación do sector e considerando que o seu mantemento constituiría un obstáculo ao libre comercio intracomunitario; así mesmo, considérase preciso derogar o Real decreto 2649/1985, do 18 de decembro, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas das cociñas económicas con paila para uso doméstico e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía por considerar obsoleta a súa fabricación e uso.

O Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguranza industrial, veu derogar as disposicións que serviron de marco para o establecemento das homologacións do Ministerio de Industria e Enerxía, aínda que se mantña a vixencia dos regulamentos específicos, e con eles os certificados de conformidade substitutivos das homologacións mentres non se promulgasen novas disposicións que expresamente os derogasen ou modificasen.

Debido á entrada en vigor da marcación CE para algúns produtos, como desenvolvemento do Real decreto 1630/1992, do 29 de decembro, en aplicación da Directiva 89/106/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros sobre os produtos de construción, modificado polo Real decreto 1328/1995, do 28 de xullo, resulta necesaria a derogación total das seguintes disposicións de homologación: Real decreto 2532/1985, do 18 de decembro, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas de chemineas modulares metálicas e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía; Real decreto 3089/1982, do 15 de outubro, polo que se establece a suxeición a normas técnicas dos tipos de radiadores e convectoros de calefacción por medio de fluídos e a súa

homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía; Orde do 12 de marzo de 1986, pola que se declara obrigatoria a homologación dos produtos bituminosos para impermeabilización de cubertas na edificación, por este departamento, así como a derogación parcial das seguintes disposicións: Real decreto 2642/1985, do 18 de decembro, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas dos candelabros metálicos (báculos e columnas de iluminación exterior e sinalización de tráfico) e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía; Real decreto 1312/1986, do 25 de abril, polo que se declara obrigatoria a homologación dos xesos e escaiolas para a construción, así como o cumprimento das especificacións técnicas dos prefabricados e produtos afíns de xesos e escaiolas e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía; derogación parcial de todo o coincidente co desenvolvemento e aplicación da Directiva 89/106/CEE para estes produtos, para coadjuvar á harmonización técnica prevista na citada directiva.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de xullo de 2006,

#### DISPÕÑO:

Artigo único. *Derrogación de disposicións.*

Quedan derogadas, total ou parcialmente, as disposicións que se relacionan a continuación así como as disposicións que as desenvolven:

a) Real decreto 2532/1985, do 18 de decembro, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas de chemineas modulares metálicas e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía.

b) Real decreto 3089/1982, do 15 de outubro, polo que se establece a suxeición a normas técnicas dos tipos de radiadores e convectoros de calefacción por medio de fluídos e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía.

c) Real decreto 2642/1985, do 18 de decembro, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas dos candelabros metálicos (báculos e columnas de iluminación exterior e sinalización de tráfico) e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía. Derrogación parcial de todo o coincidente co incluído na Directiva 89/106/CEE para estes produtos.

d) Real decreto 1312/1986, do 25 de abril, polo que se declara obrigatoria a homologación dos xesos e escaiolas para a construción, así como o cumprimento das especificacións técnicas dos prefabricados e produtos afíns de xesos e escaiolas e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía. Derrogación parcial, só para os produtos incluídos na norma UNE 102 020:1983.

e) Real decreto 2705/1985, do 27 de decembro, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas de determinados produtos metálicos básicos e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía.

f) Real decreto 2708/1985, do 27 de decembro, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas das soldaduras brandas de estaño/prata e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía.

g) Real decreto 2649/1985, do 18 de decembro, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas das cociñas económicas con paila para uso doméstico e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía.

h) Orde do 12 de marzo de 1986 pola que se declara obrigatoria a homologación dos produtos bituminosos para impermeabilización de cubertas na edificación, por este departamento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de xullo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,

JOSÉ MONTILLA AGUILERA

## XEFATURA DO ESTADO

**15183** *REAL DECRETO LEI 8/2006, do 28 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia.* («BOE» 206, do 29-8-2006.)

Malia a extraordinaria seca que España padece por segundo ano consecutivo e as altas temperaturas rexistradas desde o inicio do verán, durante os primeiros sete meses de 2006, a evolución dos incendios fora significativamente menos negativa que a rexistrada en 2005, e incluso respecto dos valores medios da última década. Cabe supor que o dito comportamento foi o resultado da crecente concienciación cidadá nesta materia, así como dos maiores esforzos, tanto normativos como investidores, realizados por todas as administracións.

No entanto, a dita evolución quebrouse en Galicia o pasado 4 de agosto, cunha vaga de incendios que durante doce días afectou esta comunidade autónoma e cuxos efectos resultaron especialmente devastadores a causa das condicións meteorolóxicas reinantes.

En gran parte estes incendios revestiron unhas especiais características entre as que non se exclúe a intencionalidade. Por iso tiveron graves repercusións, ao afectar a seguranza das persoas e os seus bens, xa que os lumes se produciron en zonas moi próximas a núcleos urbanos e vivendas no ámbito rural que, en ocasións, obrigaron o seu desaloxo e chegaron a afectar importantes vías de comunicación.

As trágicas consecuencias de tales incendios forestais supuxeron a perda de catro vidas humanas, na provincia de Pontevedra, ademais das miles de hectáreas queimadas.

A gravidade destes requiriu mobilizar, para a súa extinción, ademais dos efectivos humanos e técnicos empregados pola Xunta, medios extraordinarios, tanto da Administración xeral do Estado como das outras administracións autonómicas e locais; así como a axuda internacional, especialmente de medios aéreos.

A magnitude destes feitos e das súas consecuencias obriga os poderes públicos a adoptaren medidas extraordinarias, no marco do principio constitucional de solidariedade e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes.

Prevese, así, nesta norma, un réxime de axudas específicas en favor das vítimas e das súas familias, así como a adopción dun conxunto de medidas paliativas e compensatorias dirixidas á reparación dos danos producidos e á recuperación das zonas afectadas.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas, de Medio Ambiente e de Vivenda, e logo